

RESOLUCIÓN da Axencia Galega de Innovación pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 28 de maio de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

A Orde do 28 de maio 2019 (DOG núm. 111, do 13.06.2019), conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, modificada parcialmente pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 201, do 22.10.2019), estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e procedeu á súa convocatoria para o ano 2019.

Os contratos en vigor correspondentes a estas axudas están no ámbito de aplicación da Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG núm. 128, do 30.06.2020) pola que se amplía a duración e o crédito das axudas vixentes de apoio á etapa posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i, como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia COVID-19. Neste caso, todas as axudas vixentes correspondentes a esta convocatoria se acolleron a esta prórroga e, polo tanto, a súa duración foi ampliada 6 meses no centro de destino do primeiro ano de estadía.

Segundo dispoñen as directrices emanadas da Instrución 1/2022, da Axencia Galega de Innovación, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro da modalidade A do programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2019, os servizos técnicos da Axencia Galega de Innovación avaliaron a documentación achegada polas entidades beneficiarias alleas ao Sistema Universitario de Galicia.

De acordo co Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos,



correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:

Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2019 e coa Instrución 1/2022, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Núm. expediente	Entidade	Apellido 1	Apellido 2	Nome	NIF
IN606A-2019/006	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INICIPIT) do CSIC	García	Casas	David	***6781**
IN606A-2019/002	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	López	Acosta	María	***9191**
IN606A-2019/010	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Mayer	Mayer	Celia	***7210**
IN606A-2019/004	Fundación Profesor Novoa Santos	Varela	Eirín	Marta	***8532**

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

